



“BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O APOIO AO ESTUDO E Á CONCILIACIÓN, PARA NENOS E NENAS EMPADROADOS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO NOS DIFERENTES NIVEIS EDUCATIVOS (Preescolar, infantil, primaria, secundaria, bacharelato/formación profesional)”

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto da convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da escolaridade ou dos recursos de atención preescolar para a conciliación familiar e laboral.

Polo tanto, constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación da convocatoria pública, por parte do Concello de Valdoviño, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias, para os gastos derivados do estudo nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, así como para os gastos dos servizos de conciliación familiar e laboral prestados nos recursos municipais de atención preescolar.

Para o financiamento deste programa de bolsas establécese un crédito de contía máxima de 13000 euros, recollidos nos orzamentos municipais do ano 2017.

Trátase de promover unha política de benestar social que contribúa a paliar os efectos da crise, as diferenzas sociais, os riscos de exclusión social ou mesmo e que favoreza a integración dos nenos e nenas no sistema educativo e a integración das familias co contexto formativo-laboral.

2. GASTOS SUBVENCIONABLES.

- ✓ Gastos de material escolar e complementario que sexa necesario por consecuencia da escolaridade nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional. Os conceptos específicos que se subvencionan son:
 - Material escolar funxible (cores, libretas, folios, etc)
 - Material complementario: compás, regras, estoxo, mochila, libros de lectura.
 - Material deportivo: chandal, tenis e camisetas

- ✓ Gastos en concepto de matrícula e participación en Escolas infantíns ou Puntos de atención infantil do concello de Valdoviño

3. BOLSAS PARA APOIO AO ESTUDO

3.1 Persoas beneficiarias

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai, titor/a ou familias acolledoras dun ou varios menores.

3.2 Requisitos das persoas beneficiarias

- ✓ Que o/a menor estea empadroado no Concello de Valdoviño.
- ✓ Estar escolarizado nos niveis de infantil, primaria ou secundaria dalgún dos centros educativos do concello de Valdoviño (exceptuando aqueles casos nos que non exista praza e inspección determine o traslado a centros de outras localidades) ou cursando Bacharelato/ Formación Profesional nalgún centro público educativo dos concellos limítrofes.
- ✓ Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Valdoviño.
- ✓ Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ✓ Non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 6.

As axudas concedidas para o mesmo fin, por outra administración son compatibles coa que agora concede o Concello de Valdoviño, sempre e cando a contía total das axudas non supere o importe total gastado polo alumno ou alumna para este fin.

3.3. Contía das axudas

As contías das subvencións quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo:

Contía do 100%	Contía do 50%
100,00 euros	50,00 euros

4. AXUDAS PARA GASTOS DE CONCILIACIÓN EN ESCOLAS INFANTÍS E PUNTOS DE ATENCIÓN INFANTIL (0-3 ANOS)

4.1. Persoas beneficiarias

Nais, pais, persoas titoras legais ou familias acolledoras con menores con idades comprendidas entre os 4 meses e os 3 anos que requiran dos servizos de conciliación ofertados e cumpran os seguintes requisitos:

4.2. Requisitos das persoas beneficiarias

- ✓ Que o/a menor estea empadroado no Concello de Valdoviño.

- ✓ Ter matrícula nunha Escola infantil ou Punto de atención infantil do concello de Valdoviño no curso 2016/2017.
- ✓ Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Valdoviño.
- ✓ Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ✓ Non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 6.

As axudas concedidas para o mesmo fin, por outra administración son compatibles coa que agora concede o Concello de Valdoviño, sempre e cando a contía total das axudas non supere o importe total gastado polo alumno ou alumna para este fin.

4.3. Contía da axuda

As contías das subvencións quedarán fixadas de acordo co seguinte suposto, por mes de participación, en función do baremo económico establecido no punto 6:

Participación no recurso	Mes completo Contía do 100%	Mes completo Contía do 50%
Xornada completa	40 euros	20 euros
Media xornada	25 euros	12.5 euros

**Só se terán en conta os meses nos que exista matrícula dende o primeiro día ata o último día de mes*

5. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Valdoviño:

- a) Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto nos conceptos sinalados no punto 2.
- b) Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación das facturas correspondentes (orixinais ou copias compulsadas) dos gastos realizados para material escolar no inicio do curso 2017/2018 ou dos xustificantes de participación nas Escolas infantis ou Puntos de atención infantil do concello no curso 2016/2017. Tanto as facturas (apoio escolar) como os xustificantes de pago (conciliación) deberán estar expedidas ao nome da nai/pai, titor/a ou persoa responsable, e os conceptos deberán aparecer suficientemente claros e descritos para a adecuada verificación da correspondencia cos conceptos subvencionables detallados no punto 2 das bases reguladoras.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.
- d) Comunicarlle ó Concello, se é o caso, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin (ANEXO I).

- e) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

Unha vez resolta a subvención, procederase a notificar ás persoas solicitantes a súa concesión ou denegación e o importe correspondente a cada unha.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderase formular os recursos que procedan.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN ECONÓMICA

6.1. Bolsas material

- **1º Suposto:** subvencionarase o 100% da contía establecida segundo o nivel educativo en base ao seguinte baremo:

Nº persoas unidade de convivencia	Intervalos IPREM	Capacidade económica anual (€)
2	Menor ou igual que o 1,8 do IPREM	11617,34
3	Maior que o 1,8 do IPREM e menor ou igual que o 2,3 do IPREM	11617,34 – 14844,38
4	Maior que o 2,3 do IPREM e menor ou igual que 2,8 do IPREM	14844,38 – 18071,42
5	Maior que o 2,8 do IPREM e menor ou igual que o 3,3 do IPREM	18071,42 – 21298,46
6	Maior que o 3,3 do IPREM e menor ou igual que o 3,8 do IPREM	21298,46– 24525,50

*Terase en conta o límite máximo de cada fila (segundo nº membros) para o cumprimento do requisito económico.

- **2º Suposto:** subvencionarase o 50% da contía establecida segundo o nivel educativo en base ao seguinte baremo:

Nº persoas unidade de convivencia	Intervalos IPREM	Capacidade económica anual (€)
-----------------------------------	------------------	--------------------------------

2	Menor ou igual que o 2 do IPREM	12908,16
3	Maior que o 2 do IPREM e menor ou igual que 2,5 do IPREM	12908,16 – 16135,20
4	Maior que o 2,5 do IPREM e menor ou igual que o 3 do IPREM	16135,20– 19362,24
5	Maior que o 3 do IPREM e menor ou igual que o 3,5 do IPREM	19362,24– 22589,28
6	Maior que o 3,5 do IPREM e menor ou igual que o 4 do IPREM	22589,28– 25816,32

*Terase en conta o límite máximo de cada fila (segundo nº membros) para o cumprimento do requisito económico.

6.2. Conciliación

- Subvencionarase o 100% ou o 50% da contía establecida no punto 4.3 segundo a xornada escollida (media ou completa) en base ao seguinte baremo:

Nº persoas unidade de convivencia	Intervalos IPREM	Capacidade económica anual (€)
2	Menor ou igual que o 2,5 do IPREM	16135,2
3	Menor ou igual que o 3,5 do IPREM	22589,28
4	Menor ou igual que 4,5 do IPREM	29043,36
5	Menor ou igual que o 5,5 do IPREM	35497,44
6	Menor ou igual que o 6,5 do IPREM	41951,52

6.3 Consideracións da unidade familiar

A efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor, así como os fillos e fillas, tendo tamén esta consideración os fillos/fillas aportados á unidade familiar por algún membro da parella e que consten empadroados nese domicilio. Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do neno/a, sempre que convivan no domicilio familiar.

A estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenas ou nenos beneficiarios o que figura no padrón de habitantes.

6.4 Renda familiar

Para calcular os ingresos totais, teranse en conta todos os ingresos dos membros da unidade familiar.

Para a comprobación da renda terase en conta o último exercicio fiscal (2016). Enténdese por renda familiar a suma de todos os ingresos brutos anuais de todos os seus membros, empregando para este cálculo a suma dos apartados relativos a rendementos de traballo, rendementos de capital mobiliario, rendementos de actividades económicas e incrementos patrimoniais.

No caso de que algún dos fillos teña recoñecido un grado de discapacidade superior ó 33% e sexa economicamente dependente dos seus proxenitores computará como dous membros.

7. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a **231/22799**, cun crédito máximo aprobado de 13.000 € para os conceptos sinalados. No caso de exceder o número de solicitudes aprobadas o crédito máximo, o órgano competente procederá ó rateo, entre as persoas beneficiarias da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

8. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscribida pola persoa interesada (pai/nai/titor/a legal) segundo o modelo específico para iso. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Solicitude da axuda (recoller impreso no propio Rexistro)
- 2) Fotocopia compulsada do DNI dos membros da unidade familiar maiores de idade.
- 3) Fotocopia compulsada do libro de familia.
- 4) En supostos de adopción ou acollemento, documentación compulsada acreditativa.
- 5) Volante de empadramento colectivo
- 6) Xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar do ano 2016 (declaración da renda de todos os membros se non é conxunta ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria)

- 7) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, copia compulsada do certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
- 8) Declaración da percepción doutras axudas percibidas para o mesmo fin (no propio anexo da solicitude).
- 9) Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser beneficiario da axuda (no propio anexo da solicitude).
- 10) Declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa seguridade social (no propio anexo da solicitude).

9. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral da Casa do Concello en Valdoviño.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto 20 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria das axudas no Boletín Oficial da Provincia.

10. PUBLICIDADE

Tal e como consta no artigo 20 da "*Lei xeral de subvencións*" en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

O concello de Valdoviño comunicará o texto da convocatoria á BDNS quen dará traslado ao diario oficial correspondente (B.O.P) do extracto da convocatoria para a súa publicación, iniciando así o prazo de presentación de solicitudes.

No referente á concesión da subvención as administracións concedentes remitirán á BDNS as subvencións concedidas con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupuestario ao que se imputen, persoa beneficiaria, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención

11. PROCEDIMENTO

a) INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución,

será o persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as ou se non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

b) COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta pola concelleira de Servizos Sociais, e persoal técnico dos departamentos de Secretaría, Servizos económicos e Servizos Sociais. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ao Alcalde-Presidente a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

c) RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal e ditame da comisión informativa correspondente.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo dun mes, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2017, e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

12. DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

A xustificación da axuda farase coa presentación no Rexistro xeral do Concello dos seguintes documentos:

- ✓ Anexo II (Recolle impreso no propio rexistro).
- ✓ Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do alumno/a para o que se solicita a axuda.
- ✓ Acreditación da realización do gasto, cos correspondentes xustificantes nos que figuren o seu pagamento e sendo obrigada a relación entre a actividade e o material/servizo adquirido. Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos realizados no período subvencionable, como máximo ata o día 30/09/2017.

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

13. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO GASTO

O prazo de presentación no Rexistro xeral dos documentos xustificativos empezará o 2 de outubro e rematará improrrogablemente o **13 de Outubro do 2017**.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non xustificar de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa solicitude.

14. PAGAMENTO

O pagamento da axuda concedida farase efectivo unha vez xustificado totalmente o gasto realizado, tendo que efectuarse antes do 31 de decembro de 2017.

Realizase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso propondrá que se efectúe o aboamento.

No suposto de presentar a totalidade dos xustificantes de pagamento requiridos e que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase a totalidade da subvención

Nos supostos de non presentar a totalidade dos xustificantes requiridos ou de non certificar o cumprimento da totalidade dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais,

aboardarse, de forma provisional, segundo o importe xustificado ou segundo a desviación das previsións iniciais.

En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material para o que se solicita a axuda. Se no momento da solicitude xa foi efectuado o gasto entenderase a xustificación xa efectuada.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que, por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou da educadora familiar do Concello, co visto e prace da Concelleira de Servizos Sociais.

15. INCUMPRIMENTOS DAS OBRIGAS POR PARTE DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS.

Se os/as beneficiarios/as das axudas, non cumpren coas obrigas establecidas no punto segundo destas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ao igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para ser beneficiarios/as de subvencións .

No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior ao importe da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado.”

16. DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Galicia, xeral de subvencións

Valdoviño 5 de xullo de 2017

O alcalde

Alberto González Fernández